

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A DEMORA MEDIA NA ÁREA SANITARIA DE FERROL SITÚASE EN 77 DÍAS PARA UNHA CIRURXÍA E EN 43 DÍAS PARA UNHA CONSULTA

- Un total de 2.637 persoas esperan unha cirurxía; e 11.699 unha consulta
- Os resultados de prioridade marcados sitúanse neste trimestre en 14 días para os pacientes con prioridade 1; un total de 52,5 días para a prioridade 2; e 85,8 días para a prioridade 3
- Dende a dirección asistencial da Área Sanitaria de Ferrol destacan o “traballo dos e das profesionais neste ámbito a pesar das circunstancias complicadas que trouxo consigo a pandemia”

Ferrol (ASF), martes 27 de xullo de 2021. A demora media para unha cirurxía na Área Sanitaria de Ferrol sitúase en 77,5 días, a xuño de 2021; e agardan un total de 2.637 persoas. No caso das consultas externas, a espera é de 43,1 días; e agardan un total de 11.699 persoas. Dende a dirección asistencial da Área Sanitaria de Ferrol destacan o “traballo dos e das profesionais neste ámbito a pesar das circunstancias complicadas que trouxo consigo a pandemia”. Así o afirman en relación cos resultados sobre demoras a xuño do presente ano 2021, que hoxe publica o espazo electrónico do Servizo Galego de Saúde.

Do total das 2.637 persoas que están a agardar unha intervención cirúrxica na actualidade, o 74% (1.960) agarda menos de tres meses. En canto ás consultas externas, agardan unha consulta neste intre un total de 11.699 persoas; e o 87% das mesmas (10.294) faino menos de tres meses.

Meses de prioridade dos e das pacientes

No ámbito cirúrxico, continúa a destacar, sobre todo nestes meses complexos de pandemia, a intensificación do traballo das e dos profesionais para segmentar ós pacientes en función da prioridade, e que reciban primeiro asistencia aqueles que máis o precisan, e segundo protocolos e recomendacións das sociedades científicas e criterios sistematizados, clínicos, funcionais, e sociais, como entre outros, a gravidade da enfermidade pola que se ve afectado.

As cifras de demora dos pacientes prioritarios en Ferrol ten sido baixa dende que se iniciou a procura activa destes pacientes con maior prioridade. Os resultados marcados téñense superado unha vez máis en Ferrol: 14 días para os pacientes con prioridade 1; e 52,5 días para a prioridade 2. Na prioridade 3, sitúase nos 85,8 días.

Neste senso, a dirección asistencial remarca aínda máis que se acaden estas cifras no ámbito cirúrxico a pesar de que “xaneiro e febreiro foron meses moi duros, nos que a Covid minguou a actividade ordinaria de xeito moi significativo na Área Sanitaria de Ferrol, e afectou especialmente ás áreas críticas”.

ÁREA SANITARIA DE FERROL
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (SERGAS)

Comunicación. Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (andar 0).
Avenida da Residencia s/n 15405
981 33 97 35 / 628348007
comunicacion.ferrol@sergas.es
<https://ferrol.sergas.gal>



Decreto de garantía de atención

Por último, lembrar a posta en marcha do Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantías de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas, que establece o dereito a un tempo máximo de resposta na atención hospitalaria programada da que se poden beneficiar tódolos cidadáns do sistema. Este decreto recolle 108 tipos de patoloxías, 26 probas diagnósticas e 7 vías rápidas con enfermidades incluídas como cancros, patoloxías severas das válvulas cardíacas, aneurismas cerebrais, obstrución e estenoses arterias graves, desprendementos de retina ou hidrocefalias. Cando o paciente se inclúe na lista de espera, nos servizos de Admisión infórmase da aplicación deste Decreto.

Na Área Sanitaria de Ferrol, un total de 3.246 persoas que se acolleron a este decreto no primeiro semestre deste ano, un total de 520 do ámbito cirúrxico na garantía establecida coa entrada en vigor do decreto de tempos máximos de atención sanitaria hospitalaria programada e non urxente de dous meses (60 días naturais) para intervencións cirúrxicas. O texto normativo tamén fixa un máximo de 45 días para as primeiras consultas externas e 45 días para as primeiras probas diagnósticas ou terapéuticas en atención sanitaria hospitalaria programada e non urxente. Nestes outros dous ámbitos foron 937 persoas de consultas externas e 1.789 persoas de probas.

Conseguir este descenso entre os dous anos de pandemia, é, como indicaban esta mañá, dende o departamento sanitario galego, a consecuencia da posta en marcha, no mes de abril, por parte da Xunta de Galicia, dun Plan de Recuperación da Actividade Asistencial para toda a comunidade autónoma, dotado con 15 millóns de euros, co obxectivo de levar a cabo 230.000 actos asistenciais extraordinarios, entre probas diagnósticas, consultas especializadas e intervencións cirúrxicas.

Saúdos de Comunicación da ÁREA SANITARIA DE FERROL do SERGAS.

ÁREA SANITARIA DE FERROL
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (SERGAS)

Comunicación. Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (andar 0).
Avenida da Residencia s/n 15405
981 33 97 35 / 628348007
comunicacion.ferrol@sergas.es
<https://ferrol.sergas.gal>

